



ACORDO ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E AS ORGANIZACIÓNS EMPRESARIAIS E SINDICAIS DO ENSINO PRIVADO CONCERTADO DE GALICIA SOBRE AS CONDICIÓN DA XUBILACIÓN PARCIAL DO PROFESORADO EN PAGO DELEGADO

Santiago de Compostela, ... de... de 2025

Reunidos:

Dunha parte, ... da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

doutra, as organizacións empresariais e sindicais asinantes ao final deste documento,

Expoñen:

O artigo 56 do VII Convenio colectivo de empresas de ensinanza privada sostidas total ou parcialmente con fondos públicos di que os empresarios e os seus traballadores, de mutuo acordo, poderán tramitar os sistemas de xubilacións anticipadas previstas na lexislación vixente e, a disposición adicional oitava establece que as comunidades e cidades autónomas poderán acadar acordos sobre:

"7) Medidas que favorezan a xubilación, tanto parcial coma total, dos traballadores"

O Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social (TRLXSS), e normativa concordante, regulan as condicións de acceso á xubilación parcial das persoas traballadoras.

O día 28 de agosto de 2024 asinouse o acordo sobre as condicións de acceso á xubilación parcial do profesorado de centros docentes privados concertados en réxime de pago delegado, entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e as organizacións empresariais e sindicais do sector, publicado por Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos do 6 de setembro de 2024 no DOG do 18 de setembro.

A cláusula sétima do devandito Acordo establece, en relación co período da súa vixencia, o seguinte:

"1. Este acordo terá efectos a partir do 1 de setembro de 2024 e rematará o 31 de agosto de 2029, ou no momento en que se produza a entrada en vigor dalgunha modificación na normativa aplicable respecto das condicións ou dos requisitos de acceso á xubilación parcial".



O Real decreto-lei 11/2024, do 23 de decembro, para a mellora da compatibilidade da pensión de xubilación co traballo (BOE do 24 de decembro de 2024), introduce diversas modificacións nos artigos do TRLXSS e do Texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (ET), que entraron en vigor 1 de abril de 2025 e implican cambios substanciais tanto nas condicións da xubilación parcial como nas do contrato de relevo.

Polo tanto, este cambio normativo determina a perda de vixencia do Acordo do 28 de agosto de 2024 derivada da modificación da normativa aplicable en materia de xubilación parcial.

E malia non existir ningunha relación laboral entre o colectivo do profesorado dos centros docentes privados concertados en réxime de pago delegado e a Administración educativa, pois esta última límitase a aboar o salario e demais complementos retributivos establecidos pola normativa vixente como pagamento delegado e en nome da titularidade do centro, a conveniencia de manter medidas que faciliten o acceso á xubilación parcial deste profesorado ata o remate da vixencia do actual período de concertos educativos o 31 de agosto de 2029, tal e como estaba previsto no Acordo do 28 de agosto de 2024, xustifica a negociación dun novo acordo adecuado á normativa actualmente vixente, para seguir favorecendo a posibilidade de acceder á xubilación parcial deste profesorado.

Logo da consulta levada a cabo no ámbito da Comisión Tripartita do Ensino Privado Concertado, previa a autorización do Consello da Xunta de Galicia, as partes asinantes acadan o acordo sobre as condicións da xubilación parcial do profesorado do ensino privado concertado de Galicia, conforme ás seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira. Obxecto e ámbito de aplicación

1. O obxecto deste acordo é establecer as condicións específicas para o acceso á xubilación parcial do profesorado incluído no réxime de pago delegado nos centros docentes privados concertados da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que reúna os requisitos esixidos na lexislación laboral e da Seguridade Social.
2. Así mesmo, ten por obxecto concretar os termos nos que Administración educativa asume os gastos salariais e de seguridade social derivados do contrato a tempo parcial do xubilado parcial ata que teña dereito á pensión de xubilación por cumprir os requisitos do artigo 205.1.a) do TRLXSS, ou se extinga por calquera outra causa, así como os gastos derivados do contrato de remuda que deberá concertarse de forma simultánea.
3. Tamén poderán acceder á xubilación parcial as persoas cooperativistas de conformidade co establecido no artigo 215.6 do TRLXSS, sempre que reúnan os requisitos establecidos neste acordo.



4. Queda excluído do ámbito de aplicación deste acordo o profesorado substituto.

Segunda. Requisitos específicos para acceder á xubilación parcial

O persoal docente dos centros privados concertados da Comunidade Autónoma de Galicia poderá acceder á xubilación parcial nos termos previstos neste acordo, cando reúna todos os requisitos específicos indicados a seguir:

- a) Estar vinculado coa súa empresa educativa (centro docente concertado) por un contrato de traballo de duración indefinida e xornada completa (25 horas semanais).
- b) Permanecer durante un mínimo de 6 anos ininterrompidos e inmediatamente anteriores á data de inicio da xubilación parcial impartindo ensinanza nunha unidade concertada en xornada completa e, en consecuencia, incluído no réxime de pagamento delegado.
- c) Que o período de tempo que medie entre a data de inicio da xubilación parcial e a data en que a persoa xubilada parcialmente teña dereito á pensión de xubilación por cumprir os requisitos do artigo 205.1.a) do TRLXSS sexa igual ou inferior a dous anos.
- d) Reducir un 72% por cento a súa xornada de traballo (18 horas lectivas semanais), o que se concretará no contrato de **traballo a tempo parcial** que subscribirá o centro docente coa persoa xubilada parcial nunha xornada lectiva de **7 horas semanais**, ata que teña dereito á pensión de xubilación por cumprir os requisitos do artigo 205.1.a) do TRLXSS ou ata que a relación se extinga por calquera outra causa.

Terceira. Requisitos específicos para o contrato de relevo

- 1. Para que o devandito persoal docente en pago delegado poida acceder á xubilación parcial, simultaneamente deberá concertarse un contrato de remuda nos termos que establece o artigo 12.6 do Estatuto dos Traballadores.
- 2. A persoa remudista deberá estar en posesión dos requisitos esixidos na normativa vixente para impartir docencia. Os titulares dos centros garantirán a impartición da xornada de 18 horas lectivas semanais en que se reduce a xornada da persoa xubilada parcialmente.

Para facilitar a contratación de persoal docente incluído na "*Bolsa de recolocación*" creada polo Acordo de 14 de xuño de 2023 asinado entre esta consellería e as organizacións empresariais e sindicais do ensino privado concertado de Galicia sobre medidas de recolocación do profesorado afectado pola modificación das unidades concertadas, a persoa representante legal do centro



deberá acreditar que previamente á contratación da persoa remudista solicitou a relación actualizada das persoas a través a aplicación informática *centrosprivados*.

Cuarta. Censo coa previsión de xubilacións parciais anuais

1. Os centros docentes elaborarán un censo, conforme ao modelo que figura como **anexo I** deste acordo, no que indicarán a relación de persoas que previsiblemente poidan acceder á xubilación no 2026 e nos sucesivos anos 2027, 2028 e 2029.

2. O devandito censo, que terá efectos informativos e de previsión orzamentaria no correspondente exercicio, deberá remitirse á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos nas seguintes datas límite:

ANO	DATA
2025	Nos dez días seguintes á data de efectividade deste acordo
2026	31 de xaneiro
2027	
2028	

Quinta. Presentación, tramitación e resolución das solicitudes

1. O persoal docente que, no ámbito do presente acordo, pretenda acceder á xubilación parcial, deberá presentar no seu centro de traballo a solicitude de xubilación parcial conforme ao anexo II deste acordo, xunto co contrato ou contratos de traballo e o informe de vida laboral.

2. Nos dous días hábiles seguintes á presentación desta solicitude, a titularidade do centro remitirá esta e a documentación que a acompañe ao correspondente departamento territorial desta consellería.

3. En caso de detectar algunha deficiencia na documentación presentada ou se esta está incompleta, a unidade xestora do departamento territorial comunicará esta incidencia á titularidade do centro para que emende ou complete o expediente no prazo de 5 días hábiles.

4. No prazo de dez días hábiles seguintes a aquel no que quede incorporada toda a documentación ao expediente, se a unidade xestora do departamento territorial constata que a persoa solicitante cumpre todos os requisitos específicos deste acordo, comunicarllo ao centro docente.



5. En caso contrario, a unidade xestora do departamento territorial comunicarlle á persoa solicitante que non reúne os requisitos establecidos neste acordo e que lle dá traslado do expediente á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos a fin de que se dite a correspondente resolución.

6. A información específica mencionada para xestionar estas solicitudes gravarase na aplicación informática de xestión *centrosprivados*.

Sexta. Datos de efectos da xubilación parcial e do respectivo contrato de remuda

1. Unha vez completada a tramitación ante a entidade xestora da Seguridade Social e, en todo caso, cunha antelación mínima de 15 días hábiles a data de efectos da xubilación parcial, a titularidade do centro remitirá ao departamento territorial correspondente a seguinte documentación:

- a) Resolución da entidade xestora da Seguridade Social de aprobación da pensión de xubilación parcial.
- b) O contrato de traballo a tempo parcial formalizado co persoal docente parcialmente xubilado e o contrato de remuda.
- c) E ademais, se o remudista non procede da bolsa de recolocación, achegará unha declaración responsable de tela consultado.

2. O departamento territorial correspondente fará efectiva no réxime de pago delegado a redución da xornada e proporcional de retribucións do/a xubilado/a parcial e a inclusión do/a remudista con efectos das datas indicadas no seguinte cadro.

Cumprimento de requisitos entre	Data de efectos a partir de
Entrada en vigor do acordo e 15/01/2026	01/02/2026
16/01/2026 e 30/06/2026	01/09/2026
01/07/2026 e 31/12/2026	01/01/2027
01/01/2027 e 30/06/2027	01/09/2027
01/07/2027 e 31/12/2027	01/01/2028
01/01/2028 e 30/06/2028	01/09/2028
01/07/2028 e 31/12/2028	01/01/2029 (duración máxima ata o 31.08.2029)

Sétima. Extinción da xubilación parcial

Cando a situación de xubilación parcial se extinga porque a persoa xubilada parcialmente teña dereito á pensión de xubilación por cumprir os requisitos do artigo 205.1.a) do TRLXSS ou por



calquera outra causa, a unidade competente do departamento territorial realizará o axuste das correspondentes horas.

A partir desa data a Administración non asumirá en ningún caso un custo de horas lectivas que supere ás fixadas no concerto aprobado para o centro, conforme ao establecido nos módulos aprobados pola lei de orzamentos correspondente.

Oitava. *Seguimento do acordo*

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e as organizacións empresariais e sindicais do ensino privado concertado que asinan este acordo efectuarán o seu seguimento a través da Comisión Tripartita do Ensino Privado Concertado de Galicia.

Novena. *Período de vixencia e aplicación*

1. Este acordo producirá efectos a partir da data da súa sinatura e rematará o 31 de agosto de 2029, isto é, na data de remate do actual período de concertos educativos, ou no momento que se produza a entrada en vigor dalgunha modificación na normativa aplicable respecto das condicións ou requisitos de acceso á xubilación parcial.

2. As situacións e consecuencias xeradas ao abeiro deste acordo, manteranse sempre e cando permanezan os supostos que deron lugar a elas como máximo ata o 31 de agosto de 2029.

Polas organización sindicais:

Polas organizacións empresariais: